



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

Modificación Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambre

O Pleno municipal, en sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2024, acordou aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo consistente no cambio de denominación e transformación dos postos de operario parque móbil e inmobles e de traballadora familiar en conserxes, de auxiliar monitora da terceira idade en auxiliar de biblioteca-arquivo e de técnico de xestión de Administración Xeral (contratación) en Técnico de Administración Xeral – contratación administrativa, así como aprobar inicialmente as fichas da Relación de Postos de Traballo correspondentes aos postos de conserxes, auxiliarde biblioteca-arquivo e de técnico de Administración Xeral – contratación, suprimindo simultaneamente as fichas da Relación de Postos de Traballo de operario de parque móbil e inmobles, de traballadora familiar, de auxiliar monitora da terceira idade e de técnico de xestión de Administración Xeral (contratación).

De conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, ábrese un prazo de 20 días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentar as reclamacións e suxestións que estimen pertinentes.

Transcorrido o dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións, e será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia. En caso contrario, a modificación da relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

Poden consultar este acordo e o expediente no taboleiro de anuncios electrónico e no Portal de Transparencia municipais, aos cales se pode acceder a través da sede electrónica municipal (<https://sede.cambre.es/>), así como nas dependencias de Réxime Interior sitas na casa consistorial (rúa Adro, 1 -15660 Cambre).

Cambre, a 13 de agosto de 2024

A concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos

PD. (R.A. núm. 469/2024, do 12 de abril)

María Yolanda Díaz Baldomir

2024/5812